



OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR OS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2018 EN ENTIDADES VECIÑAIS E/OU CULTURAIS

O Centro Sociocultural ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir o seguintes posto de traballo temporal, cunha duración determinada de 6 meses, no periodo que vai dende o 2 de abril ata o 30 de setembro do 2018.

1º.- Contable, durante 8 horas diarias de maio a setembro

Titulación requirida: FP2 Administrativo ou experiencia equivalente acreditada

Criterios de escolma para o posto, por orde de preferencia:

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos), ou acrediten maior experiencia.

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- As parellas que estean os dous desempregados e dentro destas, o nº de fill@s a cargo, ou familias monoparentais en igual situación.

4.- Si estes filtros non deixan un único candidato por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidatos non cumpran os requisitos, recurrirase a unha nova convocatoria, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidato a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo dende o 1 de xaneiro do 2016, que non cumpra coa titulación ou experiencia mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase en man, nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta. Dentro deberá contar cunha fotocopia da tarxeta de desemprego e un volante de residencia ou empadronamento actualizado, unha fotocopia do título que o habilita para optar o posto, Curriculum Vitae e os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia no posto. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables.

As familias nas que a parella estean os 2 desempregados ou as familias monoparentais adicionalmente presentarán unha fotocopia do libro de familia na que figuren eles e @s fill@s e outra das respectivas tarxetas de desemprego.

Prazo de entrega da solicitude : do 24 ó 30 de marzo, ás 21,30 horas

Data da escolma: 31 de marzo do 2018

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: www.valladares.tv, na web: asociacións.vigo.org e nos taboeiros de anuncios do CVCV Valladares e do Departamento de Desenvolvemento Local e do Centro Municipal de Emprego do Concello de Vigo

* So se avisará @ candidat@escolmad@

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

